Onstopus

http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº119/ Ano: 2026 / 1º xornal Mes de xaneiro/ Estado preparando o Entroido

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

A vaga de lumes en Ons. Prevención VII. **Páx. 1**

Que pasa coa vida mariña da costa de Ons? Está sen vida e, dende a Xunta, nada fan para pescudalo. **Páx. 2**

Os políticos danlle importancia á cantidade, pero non á calidade. O Parque Nacional ten que ser activo. **Páx. 2**

Importante retraso nas obras de Curro. Houbo unha reunión previa, veciños-administración, para coñecer as obras a realizar? **Páx. 3-4**

Mapa da Illa de Ons de Guillermo Cossio, realizado en 1810. Foi en Aunios onde primeiro saíu publicado? **Páx. 4**



Parque Nacional Activo. Necesaria Programación anual. **Páx. 5**

Obras que deberían estar rematadas antes do mes de xuño. **Páx. 5**

CONTOS DE TABERNA

Trump´Óns quere anexionar a EE.UU., a Illa de Ons, a de Sálvora e as rías de Arousa e Pontevedra.

O motivo, uns minerais que se adhiren á carapaza das centolas. **Páx. 6**

Foto: https://frescoydelmar.com/blog/

Reunión enogastronómica na bodega de Adolfo. Aios. **Páx. 6**

O Faro de Ons, sempre presente. **Páx. 7**

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Despois de enviado o número 118, recibín moitas felicitacións, loxicamente, polas festas, e tamén por rematar un ano máis dando as novas sobre a Illa de Ons cun sentido lúdico, didáctico, reivindicativo,..., e con humor.

Pero houbo unha, que me impactou, escrita por un amigo que coñecín en Ons, e con quen compartín moitas horas de charla, traballo, diversión, pesca,...

Sei que, igual que me conmoveu a min, el tamén a escribiu co corazón. Dicía:

Ola, Tinón:

Escríboche para darche as grazas. Tamén para brindar polo 2026.

Onstopus fai unha cousa difícil. Mira Ons sen pose. Conta o que pasa. Conta o que latexa. O que se perde. O que se salva. O que se cociña. O que se lembra. O que doe. O que fai rir. E faino co ton da casa. Esa cunca de albariño caseiro. Ese xeito anárquico e independente.

A min dáme algo de paz. Unha paz pequena. Unha paz de illa. Unha paz de faro. A paz de saber que alguén se preocupa por Ons e polas súas xentes. A paz de ver que a memoria segue a ter mesa posta.

Deséxoche un 2026 cheo de saúde e de forza. Con alegría. Con boas novas. Con éxitos persoais e profesionais. Para tí. Para a túa xente. Para quen le Onstopus e se recoñece nel. Para quen mira a illa dende terra e pensa, aí segue.

Grazas por estar. Grazas por contar.

Unha aperta grande.

Para min dio todo. Cada un que saque as súas conclusións. Unha enorme aperta, amigo!!!

A VAGA DE INCENDIOS EN GALICIA

Historia do lume en Ons. Prevención (VII)

Entramos na década de 1990 en Ons, atrás deixamos a de 1980 infestada de lumes nos veráns, e comezamos un decenio moi tranquilo nese aspecto. Neste período, entre outros, tres episodios van a influír na vida dos veciños e nas relacións coa administración: ***O primeiro*** é que hai un cambio na directiva da Asociación Veciñal, que vai traer máis actividade reivindicativa en dous aspectos: coñecer a situación xurídica dos aunienses e a loita para poder rehabilitar as súas vivendas. Reclamacións que se estenderon, en moitos dos casos, ao longo de toda a década. ***A segunda*** é a substitución do garda forestal, que dende 1979 estaba en Ons, e que fora bastante cuestionado polos veciños ao longo da súa estadía no cargo. ***A terceira*** a eliminación, por parte da administración, da Zona de Acampada de Melide.

Estes tres asuntos e a mínima incidencia de lumes durante estes 10 anos, poden demostrar e reforzar a miña teoría con respecto aos lumes da década anterior e á culpabilización que dende a administración, pola súa incompetencia, quixo encasquetar a veciños e campistas, pois, tanto uns como outros, quizais nesta década de 1990, polos episodios descritos anteriormente, terían máis motivos para encresparse e provocar algún lume, como resposta ás actuacións que estaba a levar a administración contra eles.

Pero iso non sucedeu, máis ben pola contra, foi unha década tranquila, no que a incendios se refire, e os poucos e puntuais que houbo, segundo as miñas notas, teñen que ver con: algún foguete mal lanzado, escape de lume nalgunha queima a carón da casa, algunha fogueira mal apagada,..., e de novo un par de lumes ao lado dos lugares de queima que tiña a administración en Pereiró e un novo nunha explanada, realizada a tal efecto, debaixo do Faro á beira do camiño a Melide polo interior, para a queima de material vexetal.

Estes mínimos incendios desta década, non tiveron moita repercusión, refírome a espazo queimado, foron sufocados con facilidade polo persoal de mantemento e retén de incendios e deron a demostrar que, contando con persoal con ganas de querer facer ben as cousas, en todos os aspectos, as problemáticas soluciónanse.

Nesta década, refórzase o material contra incendios, arránxase o deteriorado, límpanse aqueles espazos máis frondosos, limpan os camiños para que os mariñeiros poidan baixar ao cantil,..., e fálase cos veciños para prestar a axuda necesaria para a limpeza das súas fincas a principios de verán.

Esta, a simple vista, boa disposición por parte da administración, tanto no aspecto de axuda á veciñanza como de facilidade para rehabilitar as súas vivendas, que moito custou conseguir, trouxeron un decenio tranquilo no que a lumes se refire.

E xa entramos no 2000, cando Ons pasa a formar parte do único Parque Nacional galego.

Foto esquerda*: Tinón e rapaces do Campo de Traballo, intentando apagar un incendio cun ridículo material.*

Foto dereita*: Último lugar, debaixo do Faro a carón do camiño da Melide polo interior, onde a administración queimaba o lixo.*

A VIDA MARIÑA DESAPARECE DO ARQUIPÉLAGO DE ONS

Levo/amos anos denunciando, xunto cos veciños e mariñeiros, que en Ons a vida que había nas rochas hai tan só 30 anos, desapareceu, sen que se lle buscara aínda un, por que?

Na década de 1990, achegábaste ata as rochas cun caldeiro, a ambos lados do peirao, e por seguro, viñas con algunha nécora, pineira, mexillóns, lapas,..., e se eras un pouco destro, podías traer algún choco ou polbo, co que facer a caldeirada. Pero agora, as rochas están brancas, sen vida, nin mexilla, nin lapas, nin arneiróns, percebes,..., nada.

Como pasou cos lumes, cando algún membro da administración lea isto, dirá: "*Claro, os veraneantes, iades co caldeiro e arrasabades con todo*". Un xeito, de novo, de agochar a incompetencia e sobre todo, a falla de patrocinar estudos serios e técnicos sobre o tema. Por que non o fan?

Hai pouco liamos na Voz, que o Parque Nacional Illas Atlánticas, perdeu o 40% da súa biodiversidade en só 8 anos. Baseado en mostras tomadas en Cíes e realizado polo ***Centro de Estudios Avanzados de Blanes y la Universidad de Barcelona***.

Polo lido na prensa sobre este Estudo, sacamos dúas importantes conclusións:

a) Que algo está pasando no medio mariño das illas que pertencen ao Parque Nacional.
b) Que é moi interesante que se valoren os estudos que poden realizar institucións, universidade,..., e outros colectivos sobre o Parque Nacional, doutros concellos, provincias, comunidades e ata nacionalidades, e sería importante axudalos e subvencionalos e non só aos da Área de Influencia do Parque Nacional (Vigo, Bueu, Ribeira e Vilagarcía).

O punto (**b**) tocareino máis adiante noutros Onstopus, pero, sobre o punto (**a**) volver a comentar, pois xa o toquei en máis dun Onstopus, que dende a Consellería de Medio Ambiente e Parques, como xestores, non realizaron ningún estudo sobre esta importante circunstancia en Ons, co que deu pé a un mundo de especulacións, sobre cales serán os motivos da falla de vida nas rochas do arquipélago.

E, aínda máis nos intriga, cando o Presidente da Federación de Confrarías de Pontevedra, o Bueues, J. Manuel Rosas en información do Faro de Vigo, din: "*Rosas planteó la cuestión en la última reunión del Patronato del Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, una cita que abandonó antes de tiempo tras un roce con el presidente del Patronato, Fernando Garrido Valenzuela, de quien el patrón buenense asegura que le negó la palabra para poder exponer de forma clara lo que está sucediendo en la zona intermareal del archipiélago de Ons*."

Ante este penoso e deplorable episodio que ocorreu na última reunión do <Organismo Fantasma> "Padroado", o seu Presidente, e curmán do Presidente da Xunta Sr. Rueda, non quere saber nada de investigación sobre estes graves e importantes feitos.

Que quererá agochar?





Rochas sen vida a carón do peirao e por todo o perímetro costeiro de Ons.

Onde antes, estas pedras estaba tinguidas de negro, non polo Prestige, que tamén estiveron, senón pola abundancia de mexillóns, pineiras, arneiróns,..., algas, anémonas,..., agora están completamente brancas, como se as lavaran con lixivia.

Algo está a pasar e, soa moi raro, que a administración do Sr. Rueda non queiran investigalo.

Cantas especulacións ao longo destes anos, que se o Prestige, que os bateeiros coa mexilla, que si a depuradora,..., pero dan "a calada" por reposta. ...

ESTATÍSTICAS SOBRE AS VISITAS AO PARQUE NACIONAL

Un ano máis, chegadas estas datas de final ou principio de ano, dende a Consellería sacan notas de prensa xactándose da cantidade de visitantes que tivo o Parque Nacional. Neste ano falan que case 500.000 persoas visitárono ao longo do ano, con Cíes levando case o 66% do total, mentres que Ons mantivo a mesma afluencia do ano pasado en 142.309 persoas. Pero, *sempre hai un pero*, cantas desas persoas, "***grazas á programación anual que fai o Parque***", visitaron as illas que o compoñen coa idea de ir, verdadeiramente, a un Parque Nacional?

Deixamos a pregunta aí, para que cada quen opine.

ONS NA MEMORIA

Un grupo de aunienses, pediume que volverá a poñer esta foto da Comisión de Festas nos anos 80. Por desgraza, a metade deles falecidos, pero é un fermoso recordo, daqueles aunienses que nunca deixarían que as Festas de San Xaquín quedaran sen Comisión. Un agarimoso aplauso por eles.

AS OBRAS NO BARRIO DE CURRO. ONS

Como podemos ver na foto da esquerda, así se atopaba o camiño principal que, dende o peirao vai ata o Faro. Aínda que no seu momento foi moi criticado, despois dos anos que pasaron, xa se acostumaron a el e, atopándose en bo estado, non facía falla gastar un mundo de cartos en recubrilo con pequenas laxes de granito, foto da dereita.

Cando saíu publicado o Proxecto de Acondicionamento da Illa de Ons, que afectaba só ao barrio de Curro, e tiven/emos acceso a el, como sempre facemos despois de lelo e estudalo, enviamos un informe contendo as nosas suxestións.

En liñas xerais, quitando o tema do cambio deste camiño principal, e con pequenos detalles nos demais puntos, se non había cambios posteriores, non nos pareceu mala idea o Proxecto.

O que si considerabamos, como moi importante, era que os veciños en xeral, pero especialmente os de Curro e, sobre todo, os donos dos negocios, deberían de coñecer perfectamente ese Proxecto. O xeito de facelo, sería presentárllelo, dar un tempo para lelo e logo manter unha reunión veciños-administración, estando tamén o concello de Bueu, para tratar todo o relacionado con ese Proxecto, pois íalles afectar e moito. No Informe que enviamos, coas nosas suxestións, comezabamos con este punto tan importante (vai na seguinte páxina) e dende Parques, contestaron, non por escrito como fan sempre, que si mantiveran reunións cos veciños e donos de negocios e que estes coñecían perfectamente o que se ía realizar.

Será verdade iso? O certo é que agora, hai descontento entre as veciñanza. A que será debido? Segue na páxina seguinte

INTRODUCIÓN ÁS SUXESTIÓNS ENVIADAS A PARQUES SOBRE O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO

***Así comezaba as miñas/nosas suxestións sobre o Proxecto de Acondicionamento do barrio de Curro*.**

Primeiro queremos partir dunha premisa imprescindible:

A Illa de Ons é, das catro que compoñen o Parque Nacional, a única habitada dende hai máis de 200 anos por unha comunidade veciñal que, con pequenos altibaixos de habitabilidade ao longo do tempo, nunca a abandonou.

Esta circunstancia ten que primar á hora de calquera intervención da administración que a xestiona, informando e contando cos veciños para levar a cabo actuacións nela pois, lexitimamente nestes intres, por imperativo legal, son concesionarios cos seus dereitos e as súas obrigas.

É por esa circunstancia que a preocupación da administración xestora debería ser que os veciños da Illa teñan en bo funcionamento os servizos básicos imprescindibles para levar unha vida digna, como son: A luz, auga, saneamento e camiños. Á vez en épocas anuais que a poboación veciñal aumenta, tamén contar cun servizo médico adecuado e recollida de lixo por reciclaxe. E, se se dera o caso dunha habitabilidade anual moito máis ampla dunha maioría de veciños, estudar puntualmente o tema, por se fixera falla un servizo escolar, transporte marítimo diario ou semanal, axuda á agricultura e pesca,...

Polo dito, coido que a preocupación maior da administración xestora debería ser, a carón do coidado medio ambiental da Illa e a atención á biodiversidade, o **BENESTAR VECIÑAL**. Logo, se as circunstancias económicas permíteno, contribuír á promoción dun Turismo sostible e consciente de que a visita é a un Parque Nacional cunhas características únicas: sociais, históricas, etnográficas e naturais que hai que coñecer, coidar e protexer.

Calquera actuación que se realice en Ons sen transparencia e sen contar cos veciños, demostra unha falla de sensibilidade e un autoritarismo que en nada beneficia ao Parque Nacional e deixa nun mal lugar aos seus xestores.



MAPA DA ILLA DE ONS DE GUILLERMO COSSIO. 1810

20/01/2026

Hai uns días, comunicábanme que en Facebook saíra este mapa de Ons. Díxenlle, á persoa que me informou, que ese mapa o sacaramos en ***primicia*** na revista cultural AUNIOS nº 22 e que posteriormente, volvemos a publicalo no nº 29. A historia do meu coñecemento deste mapa, remóntase aos anos, entre 2009 e 2011, non recordo exactamente a data. Nun deses anos rememorouse na Coruña, os 200 anos da expulsión dos franceses de Galicia e, coido que foi o Arquivo do Reino de Galicia, que realizou unha exposición. Sobre esa exposición sacaron un folleto ou catálogo e, entre as fotos que contiña, estaba este mapa de Ons da época.

Daquela, notificáronme ese detalle, á vez de indicarme que nese Arquivo había algunha información con respecto á fortificación que se pretendeu levar en Ons polo 1810. Púxenme en contacto cun amigo, licenciado en Historia, e expliqueille o asunto, prometéndome que, cando se achegara a ese Arquivo, que o facía con frecuencia, intentaría pescudar sobre ese tema.

E, así foi que, pasado un tempo, informoume sobre o material que puido atopar e conseguiume unha reprodución do mapa. Pediume que non publicaramos nada naquel intre, pois estaba facendo unhas investigacións sobre temática da Guerra da Independencia en Galicia e non quería que se lle adiantasen. Así o fixen, ata que no 2016 puxémonos con el. Agás que estea confundido, que pode ser, ata a saída en AUNIOS, ese mapa non saíra publicado, agás no catálogo da exposición da Coruña, por iso, o motivo de comunicarlle ao meu compañeiro, que se manexa en Facebook, que nós sacarámolo en primicia, dende logo, sen ningunha intención de gabarnos sobre o tema.

Para quen lle interese saber máis, unha idea sería visitar os artigos de AUNIOS:

http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/22/13-Baterias.pdf

http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/29/16-Mapa-Vergara-Tinon.pdf

PARQUE NACIONAL ACTIVO. Necesaria Programación Anual

Interesante as actividades de Nadal para os rapaces que programaron dende o Parque e que xa coñeciamos dende un tempo antes. Penso que ese é o xeito de actuar, con tempo, informar de actividades a realizar para que, tamén con tempo, os interesados planeen a súa asistencia.

Foi unha mágoa, xa o dicía o pasado ano, que non se faga unha programación tamén para adultos, sobre todo, aproveitando o tirón das luces, que atrae cara a Vigo a unha boa cantidade de visitantes e que podería servir para que persoas de Galicia e fóra dela, que non tiveron aínda a oportunidade de visitar o Parque Nacional, tivesen nesas datas unha oportunidade de achegarse a el no Centro de Interpretación, co fin de coñecelo e así planificar a súa visita de cara ao próximo verán.

Non me cansarei de dicir, que o Parque Nacional ten a necesidade dun ***Técnico Cultural*** que, xunto cos guías e todo coordinado co Director do Parque, dinamicen este espazo único, para que haxa, xa dende principios de ano, unha programación de actividades por trimestre ou estación e que estas se coñezan nos primeiros días de xaneiro para así, os futuros visitantes, podan ir planeando as súas visitas.

Os Parques Nacionais teñen que ser activos, senón perden a súa esencia.

OBRAS A FACER ANTES DO VERÁN EN ONS

Hai unha serie de obras a facer antes do verán de 2026, ou así o prometeron os políticos aos veciños. A carón da que xa leva un retraso de 2 anos, no barrio de Curro, está a pasarela nova á praia de Area dos Cans e a rehabilitación da Capela de Canexol que, se despois destes temporais, aínda non caeu o tellado, estará a piques de facelo.

As obras de Curro e a pasarela, están adxudicadas á mesma empresa, Construcións Taboada, pero, sendo unha obra de importancia, só teñen en Ons a tres operarios, bos profesionais, polo menos no que levan feito ata agora pero, con só ese persoal, é normal que leven un mundo de tempo para rematar unhas obras que xa deberían estar realizadas.

Para a rehabilitación da Capela de Canexol, segundo teño entendido, vai a encargarse Tragsa. Dende que os políticos o prometeron, aínda ninguén apareceu pola illa con esas intencións. O tempo corre e se non aproveitan agora, con permiso dos temporais, en nada xa estaremos no verán e, segundo orde de Parques, no verán non se pode traballar en Ons, co que, estaremos na mesma dentro dun ano, co perigo, de que o deterioro vaia a máis e haxa que aumentar o presuposto ou facer unha chapuza.

Fotos: **Á esquerda** ***a pasarela a Area dos Cans no ano 2011, en estado calamitoso pola falla de mantemento anual.***
Á dereita ***a fachada da ermida de Canexol, no ano 2021, o seu interior deplorable, quizais pola falla de uso, polo que, despois da nova restauración, teñen que buscarlle actividade, se non é eclesiástica que sexa cultural.***

CONTOS DE TABERNA ***Pepe de Ons, descubre a movida de Trump´Óns en Ons e no Grove***

Pepe da Illa, ese día, non estaba dentro da taberna, polo tanto, loxicamente, tampouco a carón da mesa da partida, aínda que non lle quedaba moi lonxe. Estaba fóra do bar, facía moita calor e saboreaba unha cervexa "caducada", nada menos que unha Estrella de Galicia 1906, 120 anos xa pasaran por ela, pero para el, sabíalle ben.

Estaba só, aínda que, compartindo mesa, había un grupo de xente que non coñecía, pero que, polo seu falar, parecían "de Madrid", como din os da illa cando son, ou lles parecen, persoas importantes.

Como, cando pasaron xunta del varios veciños da illa, falaron en galego, de seguro que, os que estaban ao seu carón coidaron que, falando en castelán, non lles ía entender.

Un dos seus ocasionais veciños de mesa, comentou: - *¿Fue el buzo por las centollas?* A lo que outro contestou: - *Sí, está todo controlado*. O primeiro, insistiu: *¿Le explicaste bien cuales tenía que coger? – Si hombre!!! No te preocupes, jolínes!!!* – Contestou o outro.

Pepe da Illa quedou un pouco abraiado polo que escoitaba, e pensou: - ***Uns de Madrid que veñen a Ons a fodernos as centolas. Que coño se creen estes, como llo diga a Pepe de Miro, xa está liada a cousa***. Pero, saboreando a súa "caducada", seguiu escoitando.

Nun intre, despois de chegar un dos barcos de Sanxenxo, achegouse canda eles, un home que acababa de desembarcar e que, pola súa fala, tamén supuxo que sería de Madrid.

Sen dar tempo, nada máis que a saudarse, o novo agregado preguntou: - *Explicarme bien el asunto, en Villanueva no fueron capaces de decirme algo coherente*.

Un dos que estaba na mesa, despois de mirar para todos os lados, como para ver se alguén os vía e escoitaba, e sen preocuparlle a presenza de Pepe da Illa, pasou a expoñerlle, e á vez aclararlle, o tema que, segundo parece, ese home, que debería ser un xerifalte, non entendía:

- Unos biólogos de la Uvigo descubrieron, de casualidad, al acompañar a los arqueólogos que están en esta isla estudiando un castro romano, que a las centollas adultas de varias partes de estas rías, a su caparazón, se les adhieren una serie de minerales que son imprescindibles para la industria tecnológica actual y muy valiosos.

Llevamos estudiando el caso un par de años y resulta, después de mucho trabajo de campo, que solo pasa en las centollas de la Isla de Ons, de Sálvora y de la Ría de Arosa.

Hasta ahí, iba todo bien, pero, a estos biólogos, no se les ocurrió otra cosa que comentarlo en un simposio que se celebró en Nueva York y, no sé cómo, llego a oídos de Trump´Óns.

- Y que tiene de importancia. … ¿Para eso me hacéis venir?

- Estamos preocupados. Llevamos unos días en el Grove, y ya dos años en Ons, y los resultados son cada vez más positivos en esos minerales.

- Pues fenomenal. ¿Y qué más? Pues que tanto en O Grove, como en la Isla de Ons, camuflados, como trabajadores de Trasga, ya se vieron personajes, "un poco raros", e después de mucho investigar, deducimos que son de la Delta Force y de la ICE y están preparados para actuar en el momento que se les ordene.

Nese intre, chegou outro personaxe que, ao levantarse todos para saudarlle, debía ser de alto rango. Era un destacado biólogo meco, *Xacobeus*; despois de saudar a todos, dixo, tamén en castelán: - Teníais razón, cada vez hay más, están preparándose y a la espera de órdenes de Trump´Óns. Groenlandia, nada que ver con lo aquí descubierto, así que, están dispuestos para, cuando les dé las órdenes oportunas, tomar por la fuerza la isla de Ons, la de Sálvora y la ría de Arosa y, por si hay alguna sublevación, también la ría de Pontevedra, ocupando las cofradías y confiscando todas las centollas capturadas y, a partir dese momento, obligar a pescarlas para su nueva industria, para lo que, Ons, Sálvora y las rías de Arosa y Pontevedra, pasarán a ser territorio americano.

Ao escoitalo, Pepe da Illa quedou máis abraiado aínda do que estaba e, disimulando como se lle entrara un mundo de tose, foi a fume de carazo cara os baños e de alí, entrou no bar, para contar o escoitado aos aunienses ao berro de:

TRUMP´ÓNS quere invadir e conquistar Ons para roubarnos as centolas!!!

Que pasará a partires de agora? ...

Foto: ***Parte da Sexta Flota Estadounidense, camuflados como cargueiros, tomando posicións fronte Ons, para a súa conquista.***

REUNIÓN ETNOGASTRONÓMICA EN AIOS. NOALLA

Aí os temos: cociñeiros, colleiteiros e papeadores, reunidos na bodega familiar de Adolfo e Eloy en Aios, para degustar os caldos de albariño que, con moito mimo, elaboran.

Un albariño excelente que, ese día, degustamos xunto a uns exquisitos embutidos e conservas.

Adolfo está casado cunha auniense e teñen a súa vivenda no barrio de Pereiró. Eloy é o seu xenro.

Este magnífico albariño que colleitan, saboreámolo en moitas casas da Illa de Ons, pois, Adolfo é moi xeneroso cos veciños.

Faro de Ons

Contemplando o mar, sigo á espera.